

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Feitos

Con data do 30 de xaneiro de 2025, publícase relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e a composición da comisión de selección da praza 24/13004 de profesor/a substituto/a, convocada por resolución reitoral do 4 de decembro de 2024.

A representante dos traballadores para esta praza, Natalia Yanaína Rivas Quarneti, comunica que incorre con algún candidato en conflitos de interese dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos.

Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución da citada representante.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución de Natalia Yanaína Rivas Quarneti por Miguel Ángel Talavera Valverde, proposto polo presidente do comité de empresa.

A Coruña, 11 de febreiro do 2025

Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández